



PROPOSTA DA DIRECCIÓN XERAL DE POLÍTICAS CULTURAIAS DE RESOLUCIÓN PROVISIONAL DE SUBVENCIÓNS A ENTIDADES LOCAIS DE GALICIA PARA O EQUIPAMENTO E MELLORA DAS INSTALACIÓNS E LOCAIS UTILIZADOS PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES CULTURAIAS

Anxo Manuel Lorenzo Suárez, director xeral de Políticas Culturais, vista a acta da Comisión da Avaliación constituída para examinar e valorar as solicitudes presentadas ao abeiro da Orde do 20 de decembro de 2018 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de subvencións a entidades locais de Galicia para o equipamento e mellora das instalacións e locais utilizados para a realización de actividades culturais (DOG núm. 27, de 7 de febreiro de 2019).

PROPÓN:

Primeiro. Aprobar a listaxe de solicitudes admitidas e puntuacións correspondentes, incluíndo aquelas solicitudes que non acadaron a puntuación mínima establecida no artigo 14.2 da Orde, por non acadar unha puntuación igual ou superior a 22 puntos.

As solicitudes admitidas coas puntuacións relaciónanse no Anexo I que se xunta, que se divide en dous apartados:

a) Solicitudes que acadan a puntuación mínima para obter subvención ordenadas por número de expediente, e que comenza polo concello do Vicedo e remata co concello do Valadouro.

b) Solicitudes que non acadan a puntuación mínima para obter subvención ordenadas por número de expediente, e que comenza polo concello de Santiso e remata co concello de Cospeito.

Segundo. Aprobar a listaxe de solicitudes excluídas e as causas de exclusión, incluíndo as solicitudes que non se axustan ao obxecto, finalidade e requisitos recollidos nos artigos 1 e 2 da orde, así como aquelas solicitudes non presentadas en tempo e forma, consonte o establecido no artigo 7 da orde de convocatoria (Anexo II)

Terceiro. Publicar a proposta de resolución provisional coas listaxes correspondentes no portal web www.cultura.gal.

Cuarto. Segundo o establecido na Orde de convocatoria, ábrese un prazo de dez días hábiles a partir do día seguinte á publicación do presente documento no portal web, para a





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE
CULTURA E TURISMO
Dirección Xeral de Políticas Culturais

galicia

presentación de alegacións, as cales irán dirixidas á Dirección Xeral de Políticas Culturais no lugar e forma indicados no artigo 14.5 da Orde de convocatoria.

En todo caso, as entidades locais que presenten alegacións enviaranlle un correo electrónico á Dirección Xeral de Políticas Culturais, a través do seguinte enderezo: xestion-administrativa.cultura@xunta.gal, no cal indicarán o día en que se presentou a alegación e o motivo da mesma.

Santiago de Compostela

O director xeral de Políticas Culturais

Anxo M. Lorenzo Suárez

